

Resolución pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 PDR de Galicia 2014-2020), para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); e pola que se aproban, dentro das disponibilidades orzamentarias globais establecidas, os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2 do PDR.GDR 14 Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural

Fundamentación xurídica.-

-Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR 14 Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, asinado o 13 de decembro de 2016, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida LEADER de Galicia, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

-Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro da medida 19 (LEADER), cofinanciadas con FEADER no marco do programa do PDR de Galicia 2014-2020, publicadas no DOG o 27 de decembro de 2019 (DOG. Num. 246).

O artigo 16 das bases reguladoras, establece que corresponde aos GDR solicitar, dentro das disponibilidades orzamentarias que estableza a convocatoria, a aprobación a Agader do importe máximo dispoñible para cada unha das tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2. Estas tipoloxías de proxectos subvencionables son as seguintes:

- Proxectos produtivos.
- Proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas locais.
- Proxectos non produtivos promovidos por entidades de carácter privado.
- Proxectos de formación promovidos polo propio GDR.

-Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG núm. 247 do 30 de decembro de 2019).

- A Resolución do 28 de xullo de 2020 do director xeral da Agader pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 PDR de Galicia 2014-2020), para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); e pola que se aproban, dentro das disponibilidades orzamentarias globais establecidas, os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2 do PDR



-Acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, que se publicou mediante a Resolución do 24 de xullo de 2017 (DOG n.º 148, do 5 de agosto), polo que se delegan no director xeral da Agader determinadas competencias derivadas da xestión da medida Leader

- Tendo en conta a proposta do subdirector de Relacións cos GDR, dispoñible en <https://sede.xunta.gal/cve?idcve=FYMMC97346>

RESOLVO:

Artigo 1

1. Anexo II da citada Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG núm. 247 do 30 de decembro de 2019) establecía para o GDR a seguinte distribución por anualidades:

| ANO | IMPORTE |
|--------------|-------------------|
| 2020 | 96.166,46 |
| 2021 | 96.166,46 |
| TOTAL | 192.332,92 |

2. Unha vez incorporados á anualidade 2020 desta convocatoria os fondos non comprometidos da anterior convocatoria de proxectos 2019-2020; así coma os fondos liberados nesta anualidade 2019 polo GDR procedentes da cantidade asignada para a submedida 19.4 (gastos correntes e animación) no Convenio de Colaboración entre a Agader e o GDR ; os importes dispoñibles para a presente convocatoria de proxectos 2020-2021 serán os seguintes

| | |
|---|------|
| Remanente a incorporar de la medida 19.2 procedente de la convocatoria 2019-2020 | 0,00 |
| Traspaso de fondos de la medida 19.4 a la 19.2 procedentes de la convocatoria 2020-2021 | 0,00 |

| ANO | IMPORTE |
|--------------|-------------------|
| 2020 | 96.166,46 |
| 2021 | 96.166,46 |
| TOTAL | 192.332,92 |

Artigo 2

1. A distribución por tipoloxías dos fondos dispoñibles para esta convocatoria de proxectos, será a que se indica no seguinte cadro, segundo consta na acta



da Xunta directiva do GDR 14 Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste
 Eurural do 30/03/2020

| SUBMEDIDA | TIPO PROXECTO | GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA | | | | | |
|---|--|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|------------|------------|
| | | 2.020 | % | 2.021 | % | TOTAL | % |
| 19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo | Productivos | 62.508,20 | 65,00 | 62.508,20 | 65,00 | 125.016,40 | 65,00 |
| | Non productivos (entidades públicas locais) | 7.693,32 | 8,00 | 7.693,32 | 8,00 | 15.386,64 | 8,00 |
| | Non Productivos (institucións de carácter privado) | 23.560,78 | 24,50 | 23.560,78 | 24,50 | 47.121,56 | 24,50 |
| | Formación | 2.404,16 | 2,50 | 2.404,16 | 2,50 | 4.808,32 | 2,50 |
| | TOTAL | | 96.166,46 | | 96.166,46 | | 192.332,92 |

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interporse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader
 (P.D.: Acordo do 29/12/2016)
 O director xeral de Agader
 (Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

